

CONCURSO DE MICRORRELATOS

para conmemorar o 23 de abril. Día do Libro

#aculturasegue

08.04.2020

Modalidade: Microrrelato.

Organizador: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Poden participar: Calquera persoa que o desexe. As persoas menores de idade deberán acompañar o microrrelato dunha autorización da nai, pai ou titor/a legal segundo o modelo que se xunta no Anexo I.

Composición do xurado do premio: equipo do Museo Arqueolóxico.

Premio: Lote dos últimos 10 libros publicados polo Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e o Grupo Marcelo Macías.

O prazo de presentación dos orixinais comezará coa publicación destas bases e **concluirá o día 20 de abril de 2020, ás 24:00 horas.**

Os traballos remitiranse ao correo electrónico do Museo: museo.arqueoloxico.provincial.ourense@xunta.gal
No «asunto» da mensaxe deberá figurar a lenda: «Microrrelatos»

BASES

- Os relatos serán de temática libre, coa única obriga de aparecer no texto as palabras **Museo** e **Arqueoloxía**.
- A extensión máxima do texto será de 160 palabras e un mínimo de 140, incluído o título.
- A participación é individual. Só se poderá presentar un traballo por participante.
- Os traballos deberán ser orixinais, inéditos e escritos en lingua galega.
- O traballo non deberá asinarse nin incluír o nome da persoa autora. Identificaranse unicamente polo título da obra, facéndose constar, ao pé do texto, un número de teléfono, mediante o que a organización contactará unha vez se produza o fallo do xurado.
- A decisión do xurado do Concurso do **traballo ganador farase pública na páxina web e no Facebook do Museo, o día 23 de abril**, Día Internacional do Libro. Coa participación no certame, as/os autoras/es autorizan á organización do certame, sen ningunha contraprestación e de maneira expresa, a reproducir (total ou parcialmente), comunicar publicamente (total ou parcialmente) e distribuír (total ou parcialmente) os seus microrrelatos en calquera forma ou soporte, para todo o mundo e no prazo que autorice a lexislación vixente. A organización respectará, en todo caso, os dereitos morais que os/as autores/as posúan sobre as súas obras.
- O xurado reserva para si o dereito a non admitir aqueles microrrelatos que atenten contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros ou que conteñan, a modo enunciativo pero non limitativo, connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade e/ou a orde pública.
- Os traballos que incumpran algún dos requisitos descritos nestas bases serán desestimados.

Os datos dos participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, coa única finalidade de xestionar os premios desta promoción e de contactar coas persoas gañadoras. En ningún momento se empregará esta información para posteriores promocións.

Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico museo.arqueoloxico.provincial.ourense@xunta.gal

ou á dirección rúa do xílgaro, s/n, Edificio Santa María de Europa, 32002, Ourense. O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.

- A participación neste concurso leva implícita a aceptación íntegra destas bases.

Anexo I

AUTORIZACIÓN

Eu....., con DNI.....
como nai/nai/titora/titor autorizo a
a presentar un texto ao CONCURSO DE MICRORRELATOS do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Asina:

A de de 2020